

# Informe sobre o Índice de Comercio polo Miúdo


Datos correspondentes a agosto de 2025

Data de publicación: 29/09/2025

## Principais resultados

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes avanza no mes de agosto a un ritmo do 1,3 % interanual. En España aumenta ao 3 %.
- Por produtos, as vendas en "Alimentación" aumentan un 0,6 % e en "Resto de produtos" un 0,7 %.
- No mes de agosto, o índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes medra a unha taxa interanual do 1,8 %; o 3,5 % en España.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa interanual do 1,3 % en Galicia e do 2 % en España.

## Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

En agosto de 2025, o índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes avanza a unha taxa interanual do 1,3 % en Galicia e a un 3 % en España. Sen estacións de servizo, o índice xeral medra un 0,5 % en Galicia e un 3,1 % en España. Desagregando por produtos:

- "Alimentación" incrementa a facturación un 0,6 % en Galicia e un 2,4 % no conxunto de España.
- "Resto de produtos" medra un 0,7 % en Galicia e un 4,3 % no conxunto de España.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Agosto de 2025

#### Galicia

|                                | Índice deflactado | Taxa interanual (%) | Taxa no que vai de ano (%) |
|--------------------------------|-------------------|---------------------|----------------------------|
| Xeral                          | 114,0             | 1,3                 | 2,7                        |
| Xeral sen estacións de servizo | 111,1             | 0,5                 | 1,9                        |
| Alimentación                   | 109,6             | 0,6                 | 2,2                        |
| Resto                          | 116,6             | 0,7                 | 1,9                        |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

#### España

|                                | Índice deflactado | Taxa interanual (%) | Taxa no que vai de ano (%) |
|--------------------------------|-------------------|---------------------|----------------------------|
| Xeral                          | 110,6             | 3,0                 | 3,7                        |
| Xeral sen estacións de servizo | 109,2             | 3,1                 | 3,5                        |
| Alimentación                   | 110,9             | 2,4                 | 3,6                        |
| Resto                          | 113,0             | 4,3                 | 4,0                        |

Fonte: INE

No que levamos de ano, as vendas minoristas aumentan un 2,7 % en Galicia e un 3,7 % en España. Rexístrase un incremento das vendas en "Alimentación" do 2,2 % en Galicia e do 3,6 % en España. No "Resto de produtos", as vendas increméntanse un 1,9 % en Galicia e un 4 % en España.


## 2. Índices por comunidades e cidades autónomas

As vendas aumentan en taxa interanual en 17 comunidades e cidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illas Baleares (6,6 %), Ceuta (6,2 %) e Melilla (6,2 %). Diminúen as vendas en Castela e León (-1,5 %) e Navarra (-1,2 %).

No que vai de ano, o índice increméntase en todas as comunidades e cidades autónomas. As taxas máis altas preséntanse en Ceuta (5,4 %), Murcia (5 %) e País Vasco (5 %).

## Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Agosto de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE

### 3. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos correntes

En agosto de 2025, o índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes medra a unha taxa interanual do 1,8 % en Galicia e do 3,5 % en España. Sen estacións de servizo, o índice rexistra un avance do 1,4 % en Galicia e do 4,1 % en España. Desagregando por produtos, en Galicia, as vendas aumentan un 2,1 % en "Alimentación" e un 1 % en "Resto de produtos". En España, rexístrase un incremento do 4,1 % nas vendas en "Alimentación" e do 4,4 % en "Resto de produtos".

No que vai de ano, o índice medra un 2,7 % en Galicia e un 4 % en España. En Galicia, as vendas en "Alimentación" increméntanse un 3,3 % e en "Resto de produtos" un 2,2 %. En España, as vendas varían un 5,4 % en "Alimentación" e un 4 % en "Resto de produtos".

## Índices de comercio polo miúdo a prezos correntes. Agosto de 2025

### Galicia

|                                | Índice | Taxa interanual (%) | Taxa no que vai de ano (%) |
|--------------------------------|--------|---------------------|----------------------------|
| Xeral                          | 135,7  | 1,8                 | 2,7                        |
| Xeral sen estacións de servizo | 133,8  | 1,4                 | 2,6                        |
| Alimentación                   | 142,9  | 2,1                 | 3,3                        |
| Resto                          | 127,0  | 1,0                 | 2,2                        |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

### España

|                                | Índice | Taxa interanual (%) | Taxa no que vai de ano (%) |
|--------------------------------|--------|---------------------|----------------------------|
| Xeral                          | 131,9  | 3,5                 | 4,0                        |
| Xeral sen estacións de servizo | 131,7  | 4,1                 | 4,6                        |
| Alimentación                   | 145,0  | 4,1                 | 5,4                        |
| Resto                          | 121,5  | 4,4                 | 4,0                        |

Fonte: INE

## 4. Índice de ocupación

No mes de agosto, o índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1,3 % en Galicia e do 2 % no conxunto de España.

No que vai de ano, a ocupación medra un 0,7 % en Galicia e un 1,6 % en España.

### Índices de ocupación. Agosto de 2025

#### Galicia

|                                | Índice | Taxa interanual (%) | Taxa no que vai de ano (%) |
|--------------------------------|--------|---------------------|----------------------------|
| Xeral                          | 106,8  | 1,3                 | 0,7                        |
| Xeral sen estacións de servizo | 106,4  | 1,2                 | 0,6                        |

Fonte: INE

#### España

|                                | Índice | Taxa interanual (%) | Taxa no que vai de ano (%) |
|--------------------------------|--------|---------------------|----------------------------|
| Xeral                          | 110,7  | 2                   | 1,6                        |
| Xeral sen estacións de servizo | 110,7  | 2                   | 1,6                        |


Fonte: INE

## 5. Índices de ocupación por comunidades e cidades autónomas

En agosto, a ocupación no comercio minorista aumenta en 18 comunidades e cidades autónomas. O maior incremento rexístrase en Cataluña (4,9 %). As taxas máis baixas rexístranse en País Vasco (0 %) e Castela e León (0,5 %).

### Índice xeral de ocupación. Agosto de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE

No acumulado do ano, a ocupación aumenta en todas as comunidades e cidades autónomas. Navarra (2,7 %) e Illas Baleares (2,6 %) rexistran os maiores incrementos. As comunidades onde menos medra o persoal ocupado son Extremadura (0,2 %) e Asturias (0,6 %).

## 6. Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.